

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 10/10/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

Non asisten

Alexandre Domínguez Lado
Teresa Fernández Martínez
(Causas xustificadas)

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:30 horas, do día 10/10/2016, reúnense no salón de sesións da casa do concello, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación coa seguinte:

Orde do día

- 1º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.
- 2º.- Mocións de grupos políticos.-
- 3º.- Aprobación Proxecto de Obra Rede Separativa na rúa Manuel Lago Pais en virtude convenio Augas de Galicia.-
- 4º.- Convenio a formalizar coa Fegamp e Xefatura Provincial de Tráfico para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa.-
- 5º.- Aprobación, se procede, Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por visitas a Museos, exposicións e outros centros análogos.-

6º.- Aprobación, se procede, Regulamento do Consello Municipal de Turismo do Municipio de Fisterra.-

7º.- Resolucions dictadas pola Alcadia, para coñecemento.-

8º.- Rogos e Preguntas.-

1º.- Aprobación, se procede, borradores actas das sesións anteriores

- Sometida a votación a do día 30 de agosto de 2016 é aprobada por unanimidade.

2º.- Mocions de grupos políticos.-

A) MOCION QUE PRESENTA O GRUPO BNG PARA QUE O PLENARIO DO CONCELLO DE FISTERRA ACORDE A PROHIBICIÓN DE CIRCOS CON ANIMAIS.

(Rexistro de Entrada 3094 de data 29/09/2016)

Dada conta do seu contido:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cuestión do respecto cara os animais levou a cidadanía a demandar novas accións en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos é, quizáis, un dos aspectos máis surrealistas que teñen lugar no noso país, nomeadamente os circos, que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.

A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativero. As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non amosen conductas de violencia explícita á vista dos espectadores, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida son antinaturais e para obrigarlles a comportarse deste xeito contrario á súa natureza sométense a violentos métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do resto dos seus conxéneres.

Os animais que viven nos circos están obrigados a permanecer o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadenados en camións de traslado, negando calqueira posibilidade de satisfacción das súas necesidades etolóxicas e naturais. A atureza transitoria dos circos e a vida constante de confinamento, privación de estimulación e frustración da fauna, conduce aos animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos “estereotipados”, como balancear a cabeza ou corpo, movementos circulares dentro das gaiolas e ata automutilacións.

Estes trastornos psicolóxicos chegan a provocar reaccións violentas que poden causar graves riscos para as persoas en caso de accidente extremo que sucedeu en numerosas ocasións ao longo dos últimos anos.

Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos circos en base á súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida supoñen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas.

Os circos usan aos animais como reclamo do público infantil, que descoñece a cruel situación na que viven os animais. Se ben é certo que pode resultar un reclamo para nenos e nenas, as persoas adultas deben de ser conscientes do que implica este tipo de espectáculos e responsables do tipo de educación que queren transmitir ás novas xeracións, algo polo que tamén deben velar as diferentes institucións públicas. Xulgamos que as pequenas e os pequenos de este país, a sociedade do futuro, merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respecto cara ós seres vivos e non a utilización dos mesmos para cubrir o noso tempo de ocio de divertimento.

E por iso propomos:

- 1. Que o Concello de Fisterra se declare en contra nin promova nin ampare a instalación de circos con animais no termo municipal.**
- 2. Que o Concello de Fisterra non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza que modifique a lei que permite a instalación de este tipo de espectáculos e todas aquelas normas legais que afecten a circos con animais en todo o territorio galego.**

INTERVENCÍONS

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

Ainda que non estou de acordo cos circos onde actúen animais, imos absternos dado que na actualidade xa existe unha normativa que o regula aprobada pola Xunta de Galicia.-

Sr. García Pouso do Grupo Convergencia Galega

Pensei que non existía tanta sensibilidade sobre os animais que se utilizan nos circos, se ben na actualidade se ven controlando a súa

sanidade neles, pero como vexo que estamos divididos metade e metade para a votación, estando de acordo co contido desta moción, votarei a favor.-

Sr. Alcalde

Estamos en contra da utilización dos animais para que sean expostos nos circos dado que ao tratarse de animais salvaxes deberían estar no seu territorio e non en aqueles que lle son hostiles.-

Dicir que os novos zoolóxicos son case unha imaxe real da natureza onde deben estar.-

Seguidamente, o Pleno da Corporación, por cinco votos a favor (3 PSdG, 1 BNG e 1 Convergencia Galega) e catro abstencións dos concelleiros do Grupo Popular acorda prestarlle a súa aprobación en todo o seu contido.

B) MOCION QUE PRESENTA O GRUPO PSdG-PSOE E O GRUPO BNG PARA QUE O PLENARIO ACORDE RETIRAR DO RUEIRO DE FISTERRA O NOME DA RÚA MANUEL LAGO PAIS EN APLICACIÓN DA LEI DE MEMORIA HISTÓRICA.

(Rexistro de Entrada 3095 de data 29/09/2016)

Dada conta do seu contido:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“As Administración públicas.... tomarán as medidas oportunas para a retirada de placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, de sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura...”

Manuel Lago Pais era fillo do carabiñeiro Vicente Lago Gutiérrez, destinado en Fisterra. Vicente, o pai de Manuel, tiña como compañeiro de destino nesta vila a José García Magdaleno, o único carabiñeiro de Fisterra que se mantivo fiel á legalidade da II República, fuxindo o 26 de xullo de 1936 con outros carabiñeiros desde o porto de Muros nos vapores “Santa Eulalia” e “Santa Rosa”.

O fillo de Vicente, Manuel Lago Pais, foi un “camisa vieja” afiliado a partir do 19 de xullo de 1936 á Falanxe Española de Fisterra. Tiña 18 anos. Cando se produciu a sublevación militar, o mozo falanxista non esperou aos alistamentos forzosos do exército sublevado. Impaciente por defender os valores da Falanxe e dos militares sublevados, alistouse voluntario nos primeiros días do levantamento militar para loutar contra os defensores da legalidade democrática da II República.

Pero, Manuel Lago País faleceu na fronte de batalla uns meses despois. No avance das tropas sublevadas franquistas sobre Madrid a principios do mes de outubro de 1936 no monte de Fuente del Pino, na provincia de Segovia. Manuel Lago caeu malferido baico o lume das tropas leais á II República. E ao ser notificadas as autoridades municipais e os seus pais en Fisterra do falecemento de *“un bizarro soldado héroe que dio su vida por Dios y por la Patria”*, a corporación municipal e a Falanxe Local quixeron facer unha demostración colectiva, coa consabida parafernalia, enxalzando ao falecido como un heroe e mártir da causa franquista-falanxista, e ofrecéndose misas na igrexa parroquial polo eterno descanso da súa alma. Aos actos convocados asistiron as milicias falanxistas de ambos sexos de Fisterra, ademais dos “balillas” coas súas bandeiras e uniformes e un inmenso xentío “convocado” ao efecto polas autoridades civís e falanxistas.

Terminada a celebración relixiosa, toda a concorrencia trasladouse en silencio ao domicilio dos pais do falecido -afirman as crónicas xornalistas da época-, desfilando as milicias ante eles. E, despois, a nova corporación municipal franquista ocupouse de aprobar que o seu nome figurase nunha rúa da localidade para enxalzar ao considerado heroe, á causa franquista e á guerra civil.

Non temos dúbida ningunha de que a Lei de Memoria Histórica quere evitar recordar como patriotas insignes a figuras que participaron activamente na sublevación militar, na guerra civil e na represión, e que levantaron armas contra a II República. Denominar unha vía pública con nome dun personaxe supón un recoñecemento social positivo achega daquel. E as crónicas da época citadas, concretamente a publicada na Voz de Galicia do 19 de outubro de 1936, proban que Manuel Lago País foi distinguido en plena Guerra Civil pola súa participación no conflito bélico, e, ademais, de forma voluntaria co exército sublevado contra a legalidade vixente da II República. Para a aprobación da rúa en Fisterra ao seu nome, primaron, ca que logo, razóns de oportunidade, premiando o novo Réxime franquista a súa participación na fronte de batalla voluntariamente.

En virtude desta exposición de motivos propoñemos ao PLENO DE FISTERRA que adoite os seguintes ACORDOS:

- 1. Retirar o nome da rúa Manuel Lago País por tratarse dunha persoa vinculada á sublevación militar franquista e estar afectado pola coñecida Lei de Memoria Histórica.**
- 2. Iniciar un procedemento de proposta de novo nome para a rúa, mediante mecanismos de consulta e participación da veciñanza de Fisterra, para designar no seguinte Pleno Municipal.**

INTERVENCIONES

Sr. Alcalde

Co contido desta moción trátase de dar cumprimento a Lei da memoria histórica.

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

Se ben a persoa en cuestión non tiña vínculo co Concello, estamos dacordo co contido da moción; tendo en conta que é necesario modificar o nome da rúa, dicir que existen veciños da vila que están en acordo co que a mesma leve o nome de Don Luciano Moreira Carracedo, cura párroco actualmente falecido.-

Sr García Pouso do Grupo Convergencia Galega

Votarei a favor ante o cumprimento da Lei de memoria histórica e dicir que descoñecía a historia deste personaxe que actualmente leva o nome desta rúa, se ben non me disgusta que leve o nome de Don Luciano Moreira Carracedo.-

Sr. Sar Oliveira do Grupo BNG

Está claro que apoiaremos a moción en todo o seu contido coa finalidade de cumprir coa Lei de memoria histórica e para a cal foi presentada; para cambiar o nome da rúa sería necesario unha participación cidadán.-

Seguidamente, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobala en todo o seu contido.

3º.- Aprobación Proxecto de Obra Rede Separativa na rúa Manuel Lago Pais en virtude convenio Augas de Galicia.-

Dada conta do oficio procedente de Augas de Galicia (Rexistro de Saida 7108 de data 4 de agosto de 2016) sobre Convenio de Colaboración entre a citada Entidade Empresarial e este Concello sobre Obra, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistente acorda:

1) Prestar a súa conformidade co proxecto da Obra denominada “Rede Separativa na rúa Manuel Lago Pais-Fisterra (A Coruña)” de Clave: OH.315.1023 cun orzamento de trescentos oitenta e dous mil novecentos sesenta e nove euros con setenta e nove céntimos (382.969,79 €) en base o Convenio aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 3 de Xuño de 2016.-

2) Compromiso de recibir as Obras e como titular asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.-

3) Comprometese á posta a disposición de Augas de Galicia, antes do inicio das Obras do terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co

régime urbanístico adecuado ou de ser o caso, da tramitación do correspondente trámite exporpiatorio.-

4) Trasládese certificación deste acordo xunto con resto da documentación solicitada pola Entidade Pública.

5) Queda polo tanto ratificado o acordo adoptado sobre este tema pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 15 de setembro de 2016.

4º.- Convenio a formalizar coa Fegamp e Xefatura Provincial de Tráfico para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa.-

O Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes acorda adherirse ao convenio de colaboración entre o Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o Intercambio de Información e a Mutua Colaboración Administrativa, baixo as seguintes:

CLÁUSULAS

Primera.- Obxecto do Convenio

O presente Convenio ten por obxecto a creación dun marco suficiente para a colaboración e o intercambio de información entre as Entidades Locais e a organización periférica do Organismo Autónomo JCT, nas materias que comprendan a xestión censal no que se refire ao Rexistros de Vehículos e de Conductores e Infractores, así como no que afecte á xestión tributaria do IVTM, conforme ao previsto no expositivo IV deste Convenio e a colaboración para a baixa definitiva de determinados vehículos.

Este Convenio de Colaboración non supón renuncia ás competencias de cada Administración Interveniente, nin afecta a outros acordos ou colaboracións que poidan existir actualmente entre ambas Administracións.

Segunda.- Sistema de adhesión ao Convenio

Cada Entidade Local, a través do seu órgano de goberno, enviará á Xefatura Provincial ou Local de Tráfico correspondente ao seu ámbito territorial a súa solicitude de adhesión plena e sin condicións ao presente Convenio, no modelo que se inclúe como Anexo y (Solicitude de Adhesión).

A aceptación de tal adhesión, previos os trámites internos oportunos, será realizada polo Xefe Provincial ou Local de Tráfico e, posteriormente,

comunicada á Entidade Local por conducto da FEMP e a Dirección Xeral de Tráfico.

Realizados os trámites descritos procederase á suscripción do Protocolo de Adhesión no modelo que se inclúe como anexo II ao presente Convenio entre a Entidade Local e o Xefe Provincial ou Local de Tráfico.

Terceira.- Obligacións das Xefaturas Provinciales e Locais de Tráfico

1. Manter actualizados os datos dos domicilios correspondentes ao censo de vehículos e de conductores nos Rexistros de Vehículos e de Conductores e Infractores.
2. Convir coa Entidade Local correspondente (Concello/Deputación,Cabildo, Consello Insular, segundo os casos) o sistema no que deban efectuarse as comunicacións dos novos domicilios, promovendo na medida na que sexa posible o emprego de medios telemáticos (arquivo informático, correo electrónico, etc..), De non ser posible, poderán utilizarse outros medios como o correo, fax, etc...
3. Anotar no Rexistro de Vehículos e no de Conductores e Infractores os cambios de domicilio no prazo de dez días hábiles dende a recepción da comunicación, e expedir un novo permiso de circulación.
4. Convir coa Entidade Local o sistema de acceso aos datos que sobre os vehículos matriculados constan no Rexistro de Vehículos, fomentando o emprego de sistemas telemáticos ou o envío, no seu caso, dos datos en formato electrónico.
5. Fomentar a institucionalización da presenza de postos de traballo e de atención ao público das Entidades Locais nas dependencias das Xefaturas Provinciales e Locais de Tráfico.
6. Poñer a disposición da Entidade Local, durante a primeira quincena de cada mes, as variacións producidas no mes anterior correspondentes aos vehículos, sempre que teñan transcendencia tributaria para a xestión do IVTM, fomentando na medida que sexa posible que a comunicación se realice mediante a utilización de sistema telemáticos.
7. Convir coa Entidade Local correspondente o sistema no que deba efectuarse a comunicación das baixas por depuración, promovendo o emprego de medios telemáticos.
8. Remitir á FEMP as Instrucións dictados pola Dirección Xeral de Tráfico que afecten a xestión tributaria en materia do IVTM.

Cuarta.- Obligacións da Entidade Local

1. Interesar dos cidadáns que acudan a empadronarse a cumplimentación do modelo de solicitude de duplicado por cambio de domicilio do permiso de

circulación ou de permiso de condución que se inclúe como anexo III ao presente Convenio ou, no seu caso, incluír no modelo oficial establecido ao efecto de solicitude de certificado de empadronamento unha casilla que o cidadán poida tachar coa seguinte lenda: “ coa presente solicitude autorizo ao Concello de a que comunique á Xefatura Provincial ou Local de Tráfico o cambio de domicilio do meu permiso de circulación ou condución.

2. Comunicar á Xefatura Provincial ou Local de Tráfico correspondente ao seu ámbito territorial os cambios de domicilio nun prazo máximo de dez días hábiles dende que teña entrada a solicitude.

3. Convir coa Xefatura Provincial ou Local de Tráfico correspondente o sistema no que deban efectuarse as comunicacións dos novos domicilios, promovendo na medida en que sexa posible o emprego de medios telemáticos (arquivo informático, correo electrónico, etc...) De non ser posible, poderán utilizarse outros medios como o correo, fax, etc...

4. Convir coa Xefatura Provincial ou Local de Tráfico o sistema de acceso aos datos que sobre os vehículos matriculados constan no Rexistro de Vehículos, fomentando o emprego de sistemas telemáticos ou o envío, no seu caso, dos datos en formato electrónico.

5. Convir coa Xefatura Provincial ou Local de Tráfico os medios para a remisión das variacións relativas aos vehículos sempre que teñan trascendencia tributaria para a xestión do IVTM, fomentando na medida que sexa posible a realización das comunicacións a través de medios telemáticos.

6. Convir coa Xefatura Provincial ou Local de Tráfico correspondente o sistema no que deba efectuarse a comunicación das baixas por depuración, promovendo o emprego de medios telemáticos.

7. Comprobar o cumprimento dos requisitos legalmente previsto para solicitar o cambio de domicilio do permiso de circulación ou de condución por parte do interesado.

8. Recoller o permiso de circulación do vehículo, que será remitido a Xefatura Provincial ou Local de Tráfico correspondente e entregar ao solicitante do cambio de domicilio unha fotocopia de aquel debidamente cotexada na que se estampará unha dilixencia de acordo co formato e contido previstos no anexo IV.

Quinta.- Natureza

O presente Convenio ten natureza administrativa e atópase entre os supostos expresamente excluídos de aplicación do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Contratos das Administracións Públicas, segundo se determina no seu artigo 3.1. c).

Sexta.- Plazo de vixencia e causa de resolución

O presente Convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa firma e terá vixencia por un ano, que se prorrogará de maneira automática por idéntico prazo, salvo que se resolva por algunha das causas seguintes:

- Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- Denuncia feita por calqueira das partes, con tres meses de antelación.
- Incumplimento grave de calqueira das partes dos Acordos do Convenio.

Séptima.- Financiación

O presente Convenio non xera obrigacións económicas para ningunha das partes firmantes do mesmo.

Octava.- Comisión de seguimento

Co fin de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente Convenio, así como para levar a cabo a súa supervisión, seguimento e control, crearase unha Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento composta por tres representantes da JCT, nomeados polo Director Xeral de Tráfico, e outros tres da FEMP, nomeados polo seu Presidente.

En calidade de asesores, con dereito a voz, poderán incorporarse calesqueira outros funcionarios que se considere necesario.

Terá, entre outras, a facultade de resolver os problemas de interpretación e cumprimento do presente Convenio. A tal efecto, aplicaranse os principios da Ley de Contratos das Administracións Públicas, para resolver dúbidas e lagunas que poideran plantexarse, dacordo co previsto no seu artigo 3, apartado 2.

A Comisión reunirase a instancia de calqueira das partes e, ao menos, unha vez cada seis meses, para examinar os resultados e incidencias da colaboración realizada.

Novena.- Cuestións litigosas

As cuestións litigosas que poidan surxir na interpretación e cumprimento do presente Convenio e que non sexan resoltas pola Comisión de Coordinación e Seguimento, someteranse a coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contecioso-Administrativo.

5º.- Aprobación, se procede, Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por visitas a Museos, exposicións e outros centros análogos.-

Unha vez examinada o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Aprobar a ordenanza fiscal reguladora da taxa por visitas a museos, exposicións e outros centros análogos co seguinte contido:

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e ao amparo do disposto nos artigos 57 e 20 da mesma lei, este Concello establece a “Taxa por visitas a museos, exposicións, bibliotecas, monumentos históricos ou artísticos e outros centros ou lugares análogos”, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a entrada ou visita aos recintos de titularidade municipal (ben sexan propios, de cesión gratuita ou resultantes de convenios de colaboración), nos termos especificados nas tarifas desta Ordenanza.

2. Non están suxeitos ao pago da taxa os actos promovidos ou patrocinados polo Concello de Fisterra, as visitas resultantes de intercambios ou convenios con outras institucións, que se rexirán polo respectivo convenio, as visitas de centros escolares con fin didáctico ou cultural e a entrada de menores de quince anos.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servicios que constitúen o feito imponible da taxa.

Artigo 4.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refieren os artigos 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Beneficios fiscais.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente taxa.

Artigo 6.- Cota tributaria.

A contía desta taxa será a establecida na seguinte tarifa:

Conceptos Importe euros

I. Museo da pesca

1. Por visita persoal.....2 €.
2. Por visita de persoal titular do Carné Xove Euro > 16.....1 €.
3. Por visita de grupos por cada integrante.....1 €.

II. Salas de Exposicións e outros.

1. Por visita de persoal.....2 €.
2. Por visita de persoal titular do Carné Xove Euro > 16.....1 €.
3. Por visita de grupos por cada integrante.....1 €

A efectos de grupos entenderase un número de 10 persoas con cita previa.

Artigo 7.- Obriga de pago.

1. A obriga de pago da taxa nace desde o momento en que se preste ou realice calquera dos servizos ou actividades ós que se refire esta Ordenanza.

2. O pago da taxa terá lugar por ingreso directo no momento de entrar aos recintos a que se refire a presente Ordenanza.

Artigo 8.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza fiscal aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 10 de Outubro de 2016, entrará en vigor a partir do día seguinte ó que sexa publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia.-

2º) Expoñer ao público a ordenanza fiscal reguladora por un período de trinta días hábiles (30) contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios da Casa do Concello a efectos de posibles alegacións ou reclamacións, facéndose

saber que no caso de non presentarse entenderase aprobada definitivamente, noutro caso serán resoltas por esta Corporación
INTERVENCIÓNS

Sr. Alcalde

Esta claro que é necesario ofertar servizos a prestar os cidadáns pero estamos limitados por razóns económicas o que fai a necesidade de buscar unha forma de financiarlos para cubrir o coste dos mesmos.-
Valórase a posta en funcionamento do museo da pesca existente nesta vila, se ben ten unha serie de gastos de mantemento polo cal é necesario a aprobación desta ordenanza fiscal.-

Sr García Pouso do Grupo Convergencia Galega

Estou de acordo con esa filosofía, dar bos servizos públicos pero percibindo as taxas que legalmente correspondan para poder sufragar os gastos de mantemento das instalacións e persoal afecto ao mesmo.-

6º.- Aprobación, se procede, Regulamento do Consello Municipal de Turismo do Municipio de Fisterra.-

Unha vez examinado, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Aprobar o REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE TURISMO DO MUNICIPIO DE FISTERRA, co seguinte contido:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Fisterra está a sufrir, nos derradeiros anos, un incremento exponencial da actividade turística. O número de visitantes anuais, o número de establecementos turísticos e incluso a tempada anual foron aumentando considerablemente nestes anos.

Desde o concello vemos esto como unha grande oportunidade para a nosa economía, pero tamén nos decatamos de que é necesario unha xestión diferente e integral do turismo, que nos permita acadar os obxectivos que entre todos nos marquemos, protexendo aqueles valores que fan de Fisterra un punto de especial atracción para os visitantes.

Para dar solución a esta xestión, necesitamos a colaboración de todos os axentes implicados na actividade turística. E por isto polo que presentamos para a súa aprobación o Regulamento do Consello de Turismo do Concello de Fisterra que a continuación se redactan:

ARTICULO 1º.- Constitución e función

Constitúese o denominado “Consello Municipal de Turismo” como órgano colexiado para a participación, estudo e debate de todos os asuntos relacionados con la actividad turística do municipio.

Son funcións deste Consello Municipal : asesorar e participar en temas de promoción turística de Fisterra dacordo coas competencias que ao Concello otorga a normativa vixente.

ARTIGO 2º.- Obxectivos

- Impulsar a participación dos axentes sociais relacionados coa actividade turística no desenvolvemento político, social, laboral, medioambiental, de sostenibilidade, económico e cultural de Fisterra.

Para cumprir os obxectivos anteriores do “Consello Municipal de Turismo” levará a cabo a seguintes tarefas:

- a) Participación no deseño municipal dunha política transversal ampla do Turismo, baseada nun programa que debe intentar integrarse en todos os ámbitos da xestión municipal.
- b) Asesorar aos axentes sociais, empresas, etc. en temas de iniciativas sobre o Turismo e de lexislación.
- c) Potenciar a imaxe da calidade turística e medioambiental de Fisterra, mediante o desenvolvemento dos recursos atractivos turísticos no destino, así como o embelecemento do entorno turístico e medioambiental, elaborando propostas específicas ás diferentes concellerías municipais, institucións ou organismos nestas materias.
- d) Velar polo cumprimento do Plan Municipal de Turismo e propiciar a realización de debates, xornadas, traballos de investigación e todas aquelas actuacións que contribúan a impulsar e mellorar a actividade turística.
- e) Potenciar a participación das empresas e axentes sociais implicados nos asuntos municipais e fomentar o asociacionismo para a defensa dos seus intereses.

- f) Analizar e estudar os problemas turísticos, as carencias da oferta de aloxamento e a oferta complementaria, propoñendo as medidas para solucionarlos.
- g) Propor actividades de promoción e comercialización do produto Fisterra cunha oferta diversificada.
- h) Ser cauce para a realización de actividades encamiñadas á investigación, estudo e desenvolvemento do fenómeno turístico en Fisterra.
- i) Establecer relación de intercambio con toda clase de institucións e entidades de tipo turístico, tanto nacionais como estranxeiras, para o enriquecemento, mellor coñecemento e desenvolvemento das empresas adicadas á actividade turística.
- j) Ser cauce da difusión de campañas de sensibilización cidadana relacionadas cos aspectos socio-culturais do turismo e a recepción de visitantes.
- k) Aquelas outras tarefas tendentes a conseguir a participación, de estudo e debate de todos os asuntos relacionados coa actividade turística.

ARTIGO 3º. Territorialidade e Sede.

O ámbito a que se refire este Consello Municipal é o municipio de Fisterra, Provincia da Coruña.

A Sede será dentro da Casa do Concello sito na rúa Santa Catalina 1 da Vila de Fisterra, donde se atopa o Departamento de Turismo.-

ARTIGO 4º. Órganos do Consello Municipal.

- a) A Xunta Xeral
- b) O Presidente

ARTIGO 5º. Integrantes da Xunta Xeral:

A Xunta Xeral intégrase da seguinte forma, entendendo que se poderá adaptar ao modelo de corporación de cada lexislatura:

- **Presidente:**

O Sr. Alcalde Presidente ou Concelleiro/a en quen delegue.

- **Vicepresidente:**

O Concelleiro/a delegado/a de Turismo ou outro/a concelleiro/a nomeado/a polo alcalde.-

- Vogais:
 - a) O Concelleiro ou Concelleira delegado ou delegada de Deportes e o Concelleiro ou Concelleira delegada ou delegado de Cultura.
 - b) Un representante dos grupos políticos municipais que non configuren o equipo de goberno.
 - c) Un representante por cada unha das asociacións empresariais e sectoriais relacionadas co Turismo e coa actividade económica da Vila de Fisterra e que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
 - d) Un representante, polo menos, de cada sector correspondente a:
 - Hoteis
 - Camping
 - Turismo Residencial/ Apartamentos Turísticos
 - Albergues
 - Restaurantes
 - Comercio
 - Transporte de viaxeiros
 - Visitas guiadas
 - Turismo Deportivo
 - Turismo de Aventura e Ocio
 - Turismo de Congresos
 - Axencias de viaxe
 - Turismo de Festivais
 - Turismo gastronómico

Os sectores anteriormente citados deberán comunicar ao Concello de Fisterra, o representante designado en cada caso, para formar parte do Consello Municipal de Turismo, así como a persoa suplente no caso de ausencia do titular.

En todo caso as persoas físicas ou xurídicas, representadas mediante este epígrafe, deberán contar co correspondente título habilitante para a realización da actividade.

e) Dúas persoas de libre designación nomeadas pola Alcaldía que reúnan condicións de idoneidade polos seus coñecementos, experiencia ou relevancia dentro do sector do turismo municipal, provincial, da Comunidade Autónoma de Galicia ou o Estado Español.

f) A/O técnico/a de Turismo do Concello de Fisterra

· **Secretario**

Será Secretario do Consello Municipal de Turismo o Secretario da Corporación ou funcionario ou funcionaria en quen delegue.

Pola Alcaldía se poderá invitar a asistir con voz pero sen voto a aquelas persoas que pertencen laboral ou empresarialmente ao sector turístico.

ARTIGO 6º. Atribucións da Xunta Xeral.

Son atribucións da Xunta Xeral:

- a) Coñecer e informar o Plan de Turismo Municipal.
- b) Asesorar ao Concello nas iniciativas sobre turismo.
- c) Propor aquelas cuestións e actividades relacionadas co Turismo que o Concello poida levar a cabo.
- d) Coordinar a colaboración público-privada.

ARTIGO 7º. Atribucións da Presidencia.

A Presidencia do “Consello Municipal de Turismo” ten entre outras, as seguintes

ATRIBUCCIONS

- a) Formar a orde do día e convocar as reunións ordinaria e extraordinarias da Xunta Xeral.
- b) Exercer aquelas funcións propias do Presidente dun órgano colexiado, dirixindo os debates e dirimindo as votacións, no seu caso, co voto de calidade.
- c) Representar ao “Consello Municipal de Turismo”.
- d) Dirixir e controlar os traballos que se realicen.

ARTIGO 8º. Atribucións do Vicepresidente

Ao **Vicepresidente** correspóndelle substituír na Presidencia das reunións ao **Alcalde** en casos de ausencia do mesmo no suposto de non ter delegado a Alcaldía nun Tenente de Alcalde e tamén aquelas atribucións de xestión que se lle encomenden pola Alcaldía dentro da súa competencia en materia de turismo.

ARTIGO 9. Reunións da Xunta Xeral.

A Xunta Xeral reunirase con **carácter ordinario** dúas veces ao ano, nos meses de **Febreiro e Novembro**. - Con **carácter extraordinario** tantas veces como o **Presidente** o crea conveniente ou a **solicitud** dun tercio dos **componentes da Xunta Xeral**.

A Presidencia fixará a **periodicidade na celebración das sesións**.

ARTIGO 10º. Convocatoria de reunión e actas.

A Presidencia do Consello Municipal efecturá as convocatorias por escrito cunha antelación mínima de tres días para as sesións ordinarias e de dous días para as sesións extraordinarias. Das reunións efectuada pola Xunta Xera, levantarase unha acta que se transcribirá a o libro correspondente .

En dita acta anotarase ás persoas que acudiron á sesión, lugar de celebración, hora de comezo e de remate, os temas resoltos e no seu caso, os resultados das votacións.

ARTIGO 11º. O Secretario do Consello Municipal.

Funcións do Secretario :

- a) Enviar as convocatorias da Xunta Xeral e a orde do día aos integrantes do mesmo.
- b) Levar os libros de actas.

- c) Preparar a documentación para a celebración da reunión.
- d) Aquelas outras que veñan dispostas pola lexislación vixente.

ARTIGO 12º.

Para todo o que non estea previsto neste Regulamento, teráse que ter en conta o que dispón o Regulamento sobre Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro e demais disposicións legais sobre a materia.-

2º) Expoñer ao público o citado Regulamento por un período de trinta días hábiles (30) contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios da Casa do Concello a efectos de posibles alegacións ou reclamacións, facéndose saber que no caso de non presentarse entenderase aprobada definitivamente, noutro caso serán resoltas por esta Corporación.

7º.- Resolucións dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.-

Dáse conta das seguintes :

- Altas, Baixas e Cambios de domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.-

- Contratación de carácter temporal a nome de Francisco Manuel López Martínez, para levar a cabo as funcións de Guía de Turismo dentro do Museo do Mar durante o período comprendido entre o 5/08/2016 ao 31/12/2016.-

- Aprobación do Proxecto para prestación do Servizo denominado “Grupo de Apoio a Servizos Múltiples” cun orzamento total de (35.922,90 €) e solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha subvención por importe de 28.738,32 € para a financiación da contratación do persoal desempleado.-

- Concesión dunha axuda para sufragar gastos de primeira necesidade a Pilar Estévez Papín, polo importe de 100,00 € ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Contratación con carácter eventual a Dolores Otero Baldomar, como asistente domiciliaria, dende o día 6/08/16 ata o momento da alta da traballadora substituída, Sandra María Sixto Canosa.-

- Contratación de carácter eventual a Cristina Escarís Quintáns, como asistente domiciliaria, dende o día 8/08/16 ata o momento da alta da traballadora substituída, Mª Buensuceso Lago González.

- Aprobación da memoria “Microreservas de flora na ZEC Costa da Morte. Actuacións de preservación e mellora dos hábitats e da paisaxe rural

litoral con implicación da poboación local de Fisterra” cun orzamento de 24.200,00 € e solicitude á Consellería de Medio Ambiente dunha axuda económica de 20.000,00 €.-

- Contratación de Violeta Traba Castreje con carácter eventual no período comprendido entre o 9/08/16 ao 30/09/16 como “Auxiliar de axuda a domicilio”.-

- Inicio de procedementos sancionadores de tráfico.-

- Aprobación do Plan de Vacacións a José Antonio Gándara Lema do día 2/09/16 ao 6/10/16 ambos incluídos, e a Pilar Formoso Martínez, do día 10/10/16 ao 10/11/16.-

- Aprobación das bases específicas para a contratación en réxime laboral eventual de dous técnicos de información turística.-

- Autorización da celebración das Festas da Nosa Señora do Carmen a nome de Juan Bautista Louzán Lago, durante os días 13 e 14 de agosto de 2016 na localidade de Sardiñeiro de Abaixo.-

- Suspensión inmediata das obras levadas a cabo na Rúa de Arriba no termo municipal de Fisterra por Gilberto Castreje López, por carecer da preceptiva licenza urbanística.-

- Contratación con carácter eventual, durante o período comprendido entre o día 16/08/16 ao 2/09/16, como “Asistente domiciliaria” á Maria Pilar Beiro Val, coa finalidade de substituír á traballadora M^a Dolores Martínez Pérez por vacacións.-

- Concesión de permiso por asuntos particulares a José Ramón Lema Fuentes, os días 18,19 e 22 de Agosto de 2016.-

- Autorización da celebración da Festa Folk na Fin do Camiño a nome de M^a Ángeles Nemiña Canosa, o día 21/08/16 na rúa Foliada de Fisterra.-

- Aprobación do Plan de Vacacións a Carlos Casais Trillo dos días 26 ao 30 de setembro de 2016 (ambos inclusive) e Ainara López Crespo, dos días 5 ao 12 de setembro de 2016 (ambos inclusive).-

- Aprobación do Plan de Vacacións a Osvaldo Santos Lobelos dos días 19 ao 30 de agosto de 2016 (ambos inclusive).-

- Concesión de permiso por asuntos particulares os días 7 e 9 de setembro de 2016 a Osvaldo Santos Lobelos.-

- Delegación das funcións da Alcaldía en favor do Primeiro Tenente Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira durante os días 25 de agosto ó 1 de setembro de 2016.-

- Aprobación do Plan de Vacacións a M^a Filomena Domínguez Velay durante os días 26/08/16 ao 27/09/16 (ambos inclusive).-

- Aprobación definitiva do Padrón Municipal da taxa por subministro de auga potable, saneamento e augas residuais e da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares das reservas de aparcadoiro exclusivo, carga, descarga e outras actividades en interese particular.-

- Aprobación da seguinte Lista Provisional de Admitidos para contratación de persoal para oficina de turismo.-

NOME E APELIDOS
Melisa Esteban Góñez
Eneas Lázaro Cazorla
María Victoria Amigo Méndez
Andrés Rodríguez Vilar
Iria García Sar
María Rodríguez Fernández

- Iniciación de expediente de contratación polo procedemento de contrato menor para levar a cabo a execución da obra denominada “Ampliación e mellora do camiño municipal a Padrís xo” cun orzamento total de 24.831,32 €.-

- Aprobación do Plan de Vacacións a Sandra Marcote Traba e Sonia Escarís Góñez dos días 26 ao 30 de setembro (ambos inclusive).-

- Aprobación do Plan de Vacacións a Carmen M^a Ballón Estévez, dos días 9 ao 16 de setembro (ambos inclusive).-

- Aprobación da Lista Definitiva de Admitidos para optar á contratación de “Técnicos de Información Turística” e publicación da composición da Comisión de Selección.-

- Resolución de expedientes sancionadores de tráfico.-

- Aprobación do Plan de Vacacións a:

NOME E APELIDOS	PERIODO
Luis Fernando López Estévez	26 ó 30 de setembro (ambos inclusive)
Rosa M ^a Trillo Insua	1 ó 7 de setembro (ambos inclusive)
Juan Ángel Crespo Marcote	1 ó 7 de setembro (ambos inclusive)

- Contratación con carácter temporal na modalidade de “Obra ou Servizo” para prestación do servizo de Socorristas de Praias durante o período comprendido entre os días 1 ao 30 de setembro de 2016 a:

- LIJÓ INSUA, FRANCISCO
- ALVEZ ALVEZ CUELLO, GEORGE M.
- PAZ SAR, NEREA

- Autorización da celebración dos festexos patronais os días 8, 9 e 10 de setembro de 2016 na zona portuaria de Fisterra a nome de Javier Trillo Castro.-
- Contratación con carácter eventual durante o período comprendido entre o día 7 ao 15 de setembro de 2016 como “Asistente domiciliaria” á María Yolanda Lois Alonso.-
- Aprobación do Plan de Vacacións a Natividad Yésica Marcote Sambad dende o 19 ao 23 de setembro (ambos inclusive).-
- Aprobación do Plan de Vacacións á Ángel Manuel Lobelos Suárez do día 14 de setembro ao 14 de outubro (ambos inclusive).-
- Autorización da celebración a nome de Esperanza Suárez Vázquez, dos festexos en honor á Virxe das Dores, os días 17 e 18 de setembro de 2016 na localidade de Sardiñeiro de Arriba do termo municipal.
- Aprobación da Memoria Técnica redactada por Francisco Martínez Vázquez para a “Instalación Bomba de Calor de Alto Rendemento para A.C.S., no Campo de Fútbol Ara-Solis” e aprobación do gasto, adxudicando a súa execución mediante Contrato Menor, en favor da empresa Jose Manuel Domínguez, S.L.-
- Concesión de permiso por asuntos particulares os días 19, 20 e 27 de setembro de 2016, a Mª Lourdes Domínguez Lago.-
- Aprobación do plan de vacacións a Sandra María Sixto Canosa, dos días 22 de setembro ata o 14 de outubro de 2016 (ambos inclusive).-
- Contratación con carácter eventual durante o período comprendido entre o día 22 de setembro ao 14 de outubro como “Asistente Domiciliaria” a María Dolores Otero Baldomar.-
- Suspensión inmediata das obras levadas a cabo na Rúa Alejandro Finisterre, 1 no termo municipal de Fisterra, por Mª Fátima Marcote Insua, ó carecer da preceptiva licenza urbanística.-
- Resolución aprobando a lista de Admitidos para optar á contratación en réxime laboral eventual mediante a modalidade de contrato de duración determinada a tempo completo de UN traballador para prestar o servizo asistencial denominado “Auxiliares de Axuda no Fogar” por un período de UN ANO.-

ADMITIDOS
NOME E APELIDOS
MARIA TRILLO DOMINGUEZ
LORENA ESCARIZ GÓÑEZ
CRISTINA ESCARIS QUINTANS
MARIA DOLORES ÓTERO BALDOMAR
VIOLETA COSTA LAGO
CRISTINA ROMERO MOUZO
MARIA SANTAMARIA RODRÍGUEZ

ANA BEATRIZ FIDALGO PEREZ
VIOLETA TRABA CASTREJE
ANA ISABEL SUAREZ BUJAN
PAMELA CAAMANO CARRIL

EXCLUIDOS
NOME E APELIDOS
MARIA TRILLO CASAIS

- Prorrogação do contrato laboral eventual para o período comprendido entre o día 1 ao 10 de setembro de 2016, como “Auxiliar de Axuda a Domicilio” a Violeta Traba Castreje.-

- Persoamento no Recurso Procedemento Abreviado 0000192/2016 interposto por Jose Luis Briongos Valdesogo no Xulgado Contencioso Administrativo Nº3 de A Coruña contra o Concello de Fisterra por responsabilidade patrimonial.-

- Solicitud á Consellería de Traballo e Benestar de subvencións para financiar as retribucións e cotas á seguridade social de Traballadoras Sociais, Técnico de Grado Superior, Auxiliar Administrativo e persoal afecto ao Servizo de Axuda a Domicilio ano 2016.-

- Concesión de permiso os días 17,18 e 19 de outubro de 2016 por asuntos particulares, a favor de Montserrat Outes Velay, traballadora social.-

- Concesión a Segunda Diaz Sixto, unha axuda de (300,00 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Concesión de permiso os días 13 e 14 de outubro de 2016, a María José Traba Traba por asuntos particulares.-

- Contratación con carácter eventual de María Trillo Domínguez durante o período comprendido entre o día 6 de outubro ata o momento da alta da traballadora substituída M^a Lourdes Domínguez Lago.-

- Concesión de permiso á Amable Canosa Martínez, os días 13 e 14 de outubro de 2016 por asuntos particulares.-

O Pleno dase por enterado

Rogos e Preguntas.-

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

É necesario facer un informe polos servizos técnicos municipais sobre se a concesión administrativa outorgada sobre o edificio do "O Semáforo" se axusta

ou non ao proxecto ofertado dado que a obra en cuestión que ten que levar a cabo o concello é máis grande do que se pensaba

Rogo que se aclare debidamente o da prohibición que recae na Rúa Real de carácter peatonal e en canto o seu carácter, pois unha vez colócase a valla e outras veces se retira.

Considero que debe sinalizarse mellor dado que a xente fixase neste descontrol.

Contesta o Sr. Sar Oliveira do Grupo BNG que xa existe unha sinal que pon claramente o horario de prohibición para o acceso á citada rúa.

Sr. Xan García do Grupo Convergencia Galega

Rogo a necesidade de facer un plan de seguridade vial para a recta de "A Anchoa", actualmente Avda. de Galicia, instalación de paso de peóns dado que se están producindo accidentes e hai que procurar soluciónalos, hai que valoralo moi seriamente.

Sr. Alcalde

Xa está plantexado o tema para darlle unha solución, pero o problema non é tan sinxelo de plantexar é difícil de responder por parte da Administración competente, e unha solución sería urbanizar a zona; o Concello está sobre o tema e con ganas de soluciónalo definitivamente.

Qué pasa co alumeado do paseo da praia Langosteira? Considero necesario que se priorice dito alumeado no presuposto do ano 2017.

Sr. Alcalde

Xa existe un proxecto onde está prevista a reforma do citado alumeado subvencionado pola Excm. Deputación Provincial, reparación do de Sardiñeiro e o Parque do mesmo; a subvención solicitada foron 50.000 € cos cales solucionaríamos estas actuacións pero a concedida realmente foron 13.000 €.-

Ademáis nesa zona existe un problema que o denominan contaminación lumínica, o que fai a necesidade de solicitar a autorización pertinente e informe da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, o que sí se deixa é reparar, previo informe tamén da Demarcación de Costas en Galicia.

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 22:12 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.**